



# O teu Concello infórmate

Si atendemos diariamente as noticias que transmiten os medios de comunicación, é moi difícil encontrar algunha que nos anime a encarar o futuro con optimismo. Ó mellor é porque solo o negativo e malo vende.

Pero non podemos instalarnos nesta dinámica, xa que existen outras novas que proban que se pode loitar con éxito contra a adversidade. Por iso é necesaria a POLÍTICA, con líderes que, apoiados polos cidadáns, busquen os consensos necesarios para sacar os problemas adiante.

Con toda seguridade as reformas son necesarias, pois nada é igual que en tempos non tan lonxanos, pero debemos facelo con sentido común, para non destruír o estado de Benestar que tanto nos costou alcanzar.

Debemos poñer remedio ó paro, en especial o da xente nova, que tendo un nivel de formación altísimo está condenada á emigración. A esperanza de vida é agora maior que en anteriores xeracións gracias ó noso sistema sanitario, un dos mellores do mundo. A ninguén se lle escapa que si os nosos xóvenes non traballan, será imposible aguantar das cotizacións dos pensionistas.

A solidariedade entre as xeracións sempre existiu, e debemos potenciala para que siga existindo como pilar do noso benestar. Non recortar na discapacidade e dependencia, pois nos tempos difíciles é cando a solidariedade debe ser máis visible.

Para elo é necesario invertir en innovación, ciencia e investigación para preservar o noso futuro apoiando e incentivando empresas sólidas.

Todo este apoio inmenso á Banca, debe estar presidido por un ríxido control que non permita máis abusos nin desahucios a ninguén e impoñerlles a dación en pago dunha vez por todas.

É polo tanto, necesaria a unidade e o espírito de sacrificio para saír desta crise que nos está afogando. Debemos facelo con traballo e optimismo porque xuntos podemos.

*O voso Alcalde*



## Presentación das actividades

Na primeira semana de outubro, o Alcalde presentou a oferta de actividades de adultos para este curso 2012-2013. Todas as persoas maiores teñen a posibilidade de participar nas actividades de informática, memoria, ximnasia de mantemento, aerobio, pilates, bailes de salón, cestería, manualidades e pintura. Este curso os veciños de Quintas teñen a posibilidade de asistir ás actividades na propia parroquia grazas ás novas instalacións nas que xa están a disfrutar das actividades de ximnasia de mantemento e bailes de salón.

## Presentación da exposición: *Ondas de Irmandade II*

A memoria histórica volveu a centrar unha xornada cultural o pasado 19 de outubro no Concello de Paderne presentando unha exposición que conmemora o centenario do asociacionismo mariñeiro no golfo Ártabro lembrando á sociedade «Vigilancia de la Ría» de Sada, creada en 1909 co obxectivo de defender a riqueza pesqueira.

Baseada nas experiencias protagonizadas por unha magnífica xeración de homes e mulleres que participaron activamente na defensa da pesca e o marisqueo da zona, quere servir para homenaxear ós seus protagonistas recoñecendo a gran labor que realizaron.



*O Alcalde e a Concelleira de Cultura no momento da presentación*



*Acto inaugural da UNED en Paderne*

## Presentación da UNED Senior

Este pasado 24 de outubro, realizouse a inauguración do primeiro cuatrimestre do curso UNED Senior cun acto oficial no Concello de Paderne. O Alcalde deu a benvinda ós case 150 alumnos dos concellos de Paderne, Aranga, Irixoa, Monfero, Guitiriz e Xermade que van a formar parte do mesmo. Amparado polo alto número de persoas participantes, o Concello de Paderne quere apoiar novamente este proxecto a través do cal as persoas maiores poderán completar os seus coñecementos en materias como Historia de Galicia, Medicina, Música e Informática contribuíndo cunha aportación económica ademais de poñer á súa disposición as instalacións da Aula de informática, as dependencias do Centro de Maiores e toda a infraestrutura necesaria para o correcto desenvolvemento do curso.

## Excursión a Portugal

A feira de Vilanova de Cerveira foi o destino principal da excursión que o Concello de Paderne organizou o pasado sábado 27 de outubro dentro do programa «Paderne en Familia».

As compras no país veciño son unha boa opción para moitas familias que, aproveitando un día de excursión, poden traer para as súas casas produtos do fogar de boa calidade e uns prezos máis axeitados.

Un día de sol e con agradables temperaturas axudou a que os asistentes puidesen disfrutar desta excursión a Portugal.

## Xornada: «Unha aposta polos produtos locais»

Presentouna o Alcalde o pasado 15 de novembro contando coa asistencia de diversos viticultores, bodegueiros, restauradores e empresarios da comarca. Formaba parte do programa unha cata comentada de viños impartida por Luís Paadín na que se puideron probar caldos das diferentes adegas que conforman a denominación Viños da Terra de Betanzos, na súa aposta pola recuperación do Branco Lexítimo polo que traballan as diferentes adegas como Casa Beade, adegas Rilo, Codeseira e Lorenzo Bescansa. O acto completouse coa presentación dos produtos dunha queixería local, Queixos Caxiao, e coa intervención do restaurador Luís Calo que presentou diferentes pratos a elaborar con este produto. A xornada finalizouse coa presentación dos produtos Granxa O Cancelo e unha degustación de produtos locais.



*Desenvolvemento da Xornada*

## Plan de emprego da Excm. Deputación Provincial

A Deputación Provincial asinou un convenio coa Consellería de Traballo e Benestar para a prestación de servizos sociais básicos nos concellos e para a contratación de persoas desempregadas.

Ó Concello de Paderne correspondeulle unha cuadrilla de catro traballadores para realizar tarefas de mantemento de infraestruturas viarias, limpeza de viales urbanos e áreas verdes de titularidade municipal ata o 14 de febreiro de 2013.

Esta contratación permitirá dotar aos beneficiarios dunha experiencia laboral que lles axudará a mellorar a súa empregabilidade, especialmente naqueles colectivos que atopan maiores dificultades para a súa inserción laboral.

## Plan de obras e servizos 2012

O Concello de Paderne ven de contratar o Plan de Obras e Servizos/2012 por un importe de **57.500 euros** para a realización das seguintes obras:

- Mellora da pavimentación da estrada a Teixeira, na parroquia de Vilamourel
- Mellora da pavimentación da estrada de Velouzás a Porto e de Costa a Velouzás, na parroquia de Velouzás

Sendo estas as principais vías de comunicación coas que contan as citadas parroquias polo que con estas melloras veranse beneficiados tódolos veciños do Concello, posto que se trata dunha mellora da infraestrutura municipal.

## Convenio obras de infraestrutura rural/2012

Nestes días comezarán a executarse as obras incluídas no convenio asinado entre a Consellería de Medio Rural e do Mar e o Concello de Paderne para as obras de infraestrutura rural no que se inclúen as seguintes obras de Mellora das vías municipais na parroquia de Viñas:

- Camiño da praza de Montecelo a Ponte de Lambre
- Camiño de Lambre a cruce de Valiño
- Camiño de Trasmil ó cemiterio

Coa realización destas obras, que acadan un importe de **21.003,68 euros**, poderase transitar comodamente por estas vías mellorando unha vez máis as infraestruturas do Concello.

## Plan: DTC/94

O Concello, coa colaboración da Deputación con este novo Plan para axuda aos Concellos para a realización de obras, achegas municipais a outros plans ou convenios, ou ben financiamento dos gastos correntes do Concello para 2012, vese beneficiado coas seguintes actuacións:

- Realización da obra «Rebacheo xeral de camiños municipais», por un importe de **32.304,73 euros**.
- Achega ao convenio 201/12 para a obra «Mellora do camiño da Penadagia» cun importe de **7.500 euros**.
- Financiamento de gasto corrente para este ano 2012 por un importe de **92.500 euros** co que se contrataron 4 peóns desde o mes de outubro ata o 31 de decembro para a realización de obras pendentes como son os enganches de alcantarillado e auga en todo o Concello.

## Actuacións na Rede Natura 2000

O Concello de Paderne atópase incluído na Rede Natura 2000, polo que se ven de solicitar unha subvención por importe de **20.000 euros** convocada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para levar a cabo o proxecto de restauración e limpeza dos seguintes camiños da parroquia de Viñas: «Camiño da Modia, da Fonte de Insua, de Insua ao Pasaxe e de Tixoso»

Na parroquia de Souto: «Camiño do Ponto»

**VEHÍCULOS HISTÓRICOS.- No Pleno do pasado 21 de novembro, apróbase a proposta da Alcaldía de modificación da Ordenanza sobre o imposto a vehículos de tracción mecánica contemplando unha bonificación do 100% para os vehículos históricos ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de vintecinco anos.**



## Locais, horarios e actividades de adultos a desenvolver durante este curso 2012-2013

NA CASA DO CONCELLO			
MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Cestería: 4-6 Ximnasia 7 ¼-8	Informática Perfeccionamento: 8-9	Memoria: 5-6½ Ximnasia: 7¼-8	Manualidades: 5-7 Pilates: 8¼-9¼ Informática Iniciación: 7½-9½

NO LOCAL DE VIÑAS			
LUNS	MARTES	MÉRCORES	VENRES
Pintura: Na Aula Taller, 5-7 Ximnasia: No Local Social, 7¼-8	Memoria: Na Escola, 5-6½ Cestería: Na Escola, 6½-8½	Ximnasia: 7¼-8	Pilates: 7-8

NO LOCAL DE VIGO		NO LOCAL DE VELOUZÁS	
LUNS	XOVES	LUNS	MÉRCORES
Cestería: 4-6	Manualidades: 4-6	Ximnasia: 6¼-7	Ximnasia: 6¼-7

NO LOCAL DE AREAS	NO LOCAL DE SOUTO			
XOVES	LUNS	MARTES	MÉRCORES	VENRES
Pintura e Manualidades De 6½-8 ½ e de 8½-10 ½	Ximnasia 8¼-9	Cestería 8:40-10:40	Ximnasia 8¼-9	Manualidades 7½-9½

NO LOCAL DE VILAMOUREL			NO LOCAL DE QUINTAS		
LUNS	MARTES	XOVES	LUNS	MARTES	XOVES
Cestería: 6½-8½ Aerobic: 9-10	Ximnasia: 8¼-9 Bailes de salón: 10½-12	Ximnasia: 8¼-9 Aerobic: 9½-10½	Ximnasia: 9¼-10	Bailes de Salón: 8:50-10:20	Ximnasia: 9¼-10

As actividades suxeitas a custo son as seguintes: **INFORMÁTICA – CESTERÍA – MANUALIDADES E PINTURA – AEROBIC BAILES DE SALÓN e PILATES**, variando o importe a pagar en función do número de actividades ás que se asista.

PREZO PARA AS ACTIVIDADES DUNHA HORA Á SEMANA		
Número de actividades	Dúas cotas	Prezo total dos cursos
Unha actividade	27 euros	54 euros
Dúas actividades	49 euros	98 euros
Tres actividades	66 euros	132 euros

PREZO PARA AS ACTIVIDADES DUNHA HORA E MEDIA Á SEMANA		
Número de actividades	Dúas cotas	Prezo total dos cursos
Unha actividade	30 euros	60 euros
Dúas actividades	55 euros	110 euros
Tres actividades	75 euros	150 euros

PREZO PARA AS ACTIVIDADES DÚAS HORAS Á SEMANA		
Número de actividades	Dúas cotas	Prezo total dos cursos
Unha actividade	32 euros	64 euros
Dúas actividades	59 euros	118 euros
Tres actividades	81 euros	162 euros

Os pagos, a realizar no banco, faranse en dúas veces; a primeira en xaneiro e a segunda en xuño.

## Cabalgata de Reis 2013

O vindeiro día **4 de xaneiro** as Súas Maxestades van a realizar unha visita ó Concello de Paderne para recoller as cartas de tódolos nenos e nenas.

As 14:30 h, teñen prevista a chegada á Casa do Concello desde onde serán guiados, xunto coa súa comitiva, por todo o termo municipal e así poder saudar a tódolos veciños.

Para honrar esta importante visita, o noso Concello vístese de gala ofrecendo unha festa no pavillón polideportivo de Viñas ó que teñen previsto chegar ás 18:45 h despois de recorrer tódalas parroquias.

O Alcalde, xunto co Equipo de Goberno, recibirá á Comitiva Real na súa chegada a Viñas.

Como en anteriores edicións, os nenos e nenas de Paderne poden participar nun concurso de narracións breves e debuxos, participación que vai a ser recompensada cun agasallo que recibirán ese día de mans do Alcalde.

Todos van a poder deixarlles ós Reis as súas peticións e sacar con eles unha foto de recordo para disfrutar logo dun espectáculo de maxia a cargo do Mago Toño.

### BASES DO CONCURSO

**1.-** Poden participar no concurso rapaces e rapazas de entre 8 e 12 anos (na modalidade de narracións) ou entre 3 e 12 anos (na modalidade de debuxo). Estarán empadroados no Concello de Paderne.

**2.-** Os traballos entregaranse no Concello, na Oficina Municipal de Información Xuvenil ata o día 21 de decembro de 8:30 a 14:30 h.

**3.-** O tema dos traballos estará relacionado co Nadal en Paderne.

**4.-** No caso dos relatos, irán acompañados dun título.

**5.-** No caso de realizar un debuxo, terá o tamaño dun folio (A4)

**6.-** A redacción terá unha extensión máxima de dúas carillas tamaño folio (A4). A lingua empregada será o galego.

**7.-** No debuxo empregaranse cores e no caso de conter algunha palabra estará en galego.



## Entroido en Paderne

O Concello de Paderne invita a tódalas persoas a participar coas súas comparsas e disfraces na **Festa do Entroido**. Será o mércores **13 de febreiro ás 8:30 da tarde** no campo de O Telleiro, preto da Casa do Concello.

Ás nove da noite queimaremos o entroido e a súa morte será celebrada cunha sesión de fogos artificillas seguida da tradicional queimada. Haberá premios para os tres mellores, tanto na modalidade de grupo como en individuais. Como os nenos e nenas tamén soen participar desta festa, queremos reconecerlles o seu esforzo co premio ó mellor disfraz nesta categoría. En todo momento teremos música para divertirnos e bailar ata que nos cansemos.



**¡¡¡RECORDA!!!** Hay familias que aínda teñen sen recoller fotos de actos celebrados no Concello. Están á vosa disposición para que poidades pasar por elas.

### Excursión a Cangas do Morrazo

O vindeiro día **20 de xaneiro** o Programa «Paderne en Familia», realizará a súa primeira excursión do ano a **Cangas do Morrazo**. Na xornada de mañá realizaremos unha visita guiada polo casco vello vendo exemplos de arquitectura relixiosa e mariñeira, visitando tamén o Cabo do Home. Pola tarde achegarémonos a Aldán, onde se celebran festas na honra de San Sebastián.

Ás **8 da mañá** os autobuses comezarán a recoller xente polas distintas parroquias. Poden asistir tódolos empadroados no Concello de Paderne aboando unha cuota de **25 euros**. Os interesados poden anotarse ata o día **16 de xaneiro**.

### Programación de Nadal

**FESTA DO NADAL.** O Concello de Paderne organiza unha Festa de Nadal para os nenos e nenas das Escolas de Educación Infantil coincidindo co inicio das vacacións de Nadal. Vaise a realizar o mércores 19 de decembro no local de Viñas. Ás 11:00 horas vai a dar comezo un espectáculo do grupo Caramuxo Teatro. Ó remate, Papá Noel achegarase a recoller as cartas de todos eles repartindo caramelos e golosinas entre os nenos e nenas de Paderne. Os pais e nais poden acompañar ós pequeniños neste día cheo de imaxia e ilusión.

**CONCERTO DE NADAL.** O vindeiro día 20 de decembro o Concello de Paderne celebra, como cada ano por estas datas, o Concerto de Nadal. O concerto terá lugar ás 20:30 horas no Salón de Sesiós da Casa do Concello. O músico Federico Álvarez deleitará ós asistentes con obras de música propias destas datas. As persoas de Paderne que desexen asistir poden chamar por teléfono ás oficinas municipais ata o día 19 de decembro.

**CONCERTO DE FIN DE ANO.** Vaise a realizar o vindeiro día 27 de decembro ás 20:30 horas no Salón de Sesiós da Casa do Concello. O músico Mikhail Moriatov será o encargado de despedir a programación cultural do ano ofrecendo en Paderne un recital xa clásico con pezas adaptadas a estas datas de Nadal. As persoas interesadas en asistir poden chamar por teléfono ás oficinas municipais ata o día 26 de decembro.

### Inspección técnica de vehículos agrícolas

Os días 27 e 28 de decembro realizarase a inspección técnica de VEHÍCULOS AGRÍCOLAS no campo de O Telleiro, en Paderne.

Os interesados poderán pedir cita anticipada para poder pasar revisión ós seus vehículos chamando ó teléfono 881 920 978. Será en horario de 9:00 h a 13:30 h e de 15:15 h a 18:00 h durante os días que se relacionan.

### Balneoterapia

Coa entrada do novo ano comeza unha nova tempada de balneoterapia no balneario de Guitiriz; a primeira saída será no mes de xaneiro.

Poden beneficiarse deste servizo as persoas maiores de 65 anos e os pensionistas maiores de 60 que se atopen empadroados no Concello de Paderne.

### Termalismo do IMSERSO

Está aberto o prazo para solicitar o TERMALISMO do IMSERSO (balnearios). O prazo para a primeira quenda está aberto ata o 16 de xaneiro; para a segunda ata o 16 de maio.

Para maior información poden dirixirse ós servizos sociais do Concello.

### Servizo de podoloxía

No mes de xaneiro comeza a funcionar novamente o servizo de podoloxía no Centro de Maiores; os que desexen pedir cita poden chamar por teléfono ás oficinas municipais. As citas serán adxudicadas por orde segundo o listado existente.